

|  | 2018  | 2019 | 2020 |  |
|--|---|------|------|--|
| <b>EIXE01</b><br><b>Análise do deseño en Galicia</b> | <b>1.1. Mapa de axentes do deseño empresarial:</b> Identificación dos axentes do sector deseño galego, do ámbito educativo e do sector empresarial, así como os departamentos da administración galega implicados na introdución do deseño para a innovación en empresas.                               |      |      |  |
|  | <b>1.2. Estudo de precedentes do deseño en Galicia:</b> Análise da historia do deseño en Galicia, tipificando os fitos, empresas e/ou organizacións que trazaron o carácter do deseño para a innovación na nosa comunidade.   |      |      |  |
|  | <b>1.3. Boas prácticas de fomento do deseño empresarial:</b> identificación de boas prácticas autonómicas, estatais e internacionais en materia de fomento do deseño empresarial.   |      |      |  |
|  | <b>1.4. Casos de éxito:</b> Identificación e publicación de casos de éxito empresarial galegos en deseño e emprendemento.   |      |      |  |
|  | <b>1.5. Elaboración de mapa de axudas en materia de deseño para a innovación:</b> Análise das axudas autonómicas, estatais e europeas que teñen como obxectivo introducir o deseño nas empresas.  |      |      |  |
|  | <b>1.6. Estratexia galega de deseño empresarial:</b> O obxectivo é definir unha estratexia para fortalecer a innovación en Galicia contemplando modelos de programas de apoio ao deseño doutros territorios.  |      |      |  |
|  | <b>1.7. Vixilancia no ámbito do deseño:</b> Construción dunha ferramenta permanente de <i>benchmarking</i> con outros países e rexións que terá como finalidade recompilar e difundir estudos e documentos, así como debater e reflexionar sobre a relación entre competitividade, innovación e deseño. |      |      |  |

# Programa de Deseño para a Innovación 2020 >

## Eixes e accións 2018-2020

|   |  | 2018   | 2019       | 2020       |
|---|--|--|------------|------------|
| <b>EIXE02</b><br>Creación e dinamización da rede de axentes de deseño | <b>2.1 Rede de axentes:</b> Accións de rede mediante a creación e dinamización de grupos de traballo temáticos con axentes do ámbito educativo, empresarial, institucional e do deseño.  |  |            |            |
|   | <b>EIXE03</b><br>Difusión, divulgación e fomento do deseño nas empresas  | <b>3.1. Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial:</b> Co obxectivo de relacionar as empresas galegas con deseñadores galegos de primeiro nivel e presentar casos de éxito de diferentes ámbitos, estas xornadas de acción nacen co fin de potenciar a imaxe e as potencialidades internas e externas das grandes, pequenas e medianas empresas en materia de deseño. | 28 DE XUÑO | 29 DE XUÑO |
|   | <b>3.2. Actividades de difusión con deseñadores dirixidas a empresas:</b> A través da Rede Estatal de Asociacións de Deseño (READ) e a Asociación Galega de Deseñadores (DAG) organizaranse xornadas de divulgación sobre o papel do deseño na innovación empresarial. | OUTUBRO  |            |            |
|   | <b>3.3. Evento de presentación de accións 1.1 a 1.4.</b>   |  |            |            |
|   | <b>3.4. Colaboración con eventos, feiras, exposicións, congresos e outras accións que se realicen en relación ao deseño e á súa promoción e innovación.</b>  |  |            |            |

# Programa de Deseño para a Innovación 2020 >

## Eixes e accións 2018-2020

|  | 2018     | 2019 | 2020 |
|--|----------|------|------|
| <b>EIXE04</b><br>Formación en deseño para empresas     |          |      |      |
|  | NOVEMBRO |      |      |
|  | DECEMBRO |      |      |
| <b>EIXE05</b><br>Implementación do deseño nas empresas |          |      |      |
| <b>EIXE06</b><br>Axudas ao deseño na empresa           |          |      |      |
|  |          |      |      |

# Programa de Deseño para a Innovación 2020 >

## Eixes e accións 2018-2020

|  |   | 2018                     | 2019                     | 2020                     |
|--|---|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| <b>EIXE07</b><br><br><b>Deseño &amp; Emprendemento</b>     | <b>7.1. Rede de Aceleradoras Xunta de Galicia:</b> Incorporación das metodoloxías de deseño na mentorización a emprendedores, fundamentalmente nas aceleradoras apoiadas por GAIN e IGAPE.  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
|  | <b>7.2. Deseñadores nas startups:</b> Potenciar o papel dos deseñadores nas <i>startups</i> e inculcar a importancia de integrar perfís de deseño dentro do equipo para fomentar a súa integración na estratexia empresarial mediante xornadas de divulgación e sensibilización a través de casos de éxito.   |                          | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
|  | <b>7.3. Identificación de proxectos de éxito en deseño en startups:</b> Selección a través dunha convocatoria de proxectos que contan con perfís creativos en calidade de socios ou cofundadores da <i>startup</i> , co obxectivo de identificar e captar proxectos de deseño e casos de éxito de emprendemento en deseño en Galicia (exemplo: programa Mercado de ideas de deseño para <i>startups</i> do Centro de Deseño de Barcelona).  |                          | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| <b>EIXE8</b><br><br><b>Fomento do talento e do emprego</b> | <b>8.1. Potenciar a figura do deseñador industrial:</b> En colaboración coa Escola de Deseño Industrial (UDC), difundir e divulgar a profesión do deseñador industrial con accións dirixidas a xoves e empresas, especialmente PEMEs. Realización de <b>feiras de emprego</b> co obxectivo de mostrar un novo enfoque da profesión de deseñador industrial baixo unha perspectiva máis ampla, na que se contemplen o deseño e a innovación centrada nas persoas á marxe do deseño de produto. |                          | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

# Programa de Deseño para a Innovación 2020 >

## Eixes e accións 2018-2020

|   |  | 2018                     | 2019                     | 2020                     |
|---|--|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| <b>EIXE09</b><br><b>O deseño nas administracións públicas</b> | <b>9.1. Formación a empregados públicos:</b> Organización de programas formativos a través da EGAP sobre metodoloxías de incorporación do deseño na definición de servizos e políticas públicas.   |                          |                          | <input type="checkbox"/> |
|   | <b>9.2. O deseño nos centros educativos:</b> Fomentar a formación en metodoloxías de deseño ao profesorado. Posta en marcha dun proxecto escolar dirixido á comunidade educativa de aplicación das metodoloxías de deseño ao pensamento creativo: resolución de retos través do deseño.  |                          | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| <b>EIXE10</b><br><b>Comunicación</b>                          | <b>10.1. Campaña de comunicación sobre ou deseño galego:</b> Impulsar a cultura do deseño no ámbito empresarial, educativo e social, mediante unha campaña que afonde nos aspectos da calidade do deseño galego. O obxectivo é promover un cambio de percepción de cara a fomentar unha cultura que incremente a comprensión do potencial do deseño para a innovación. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
|   | <b>10.2. Creación de espazos para a difusión do deseño:</b> Acondicionamiento dos espazos no CIS Galicia destinados ao fomento do deseño. Impulso do CIS Galicia como Centro de Deseño para a Innovación de Galicia.   | <input type="checkbox"/> |                          |                          |
| <b>EIXE11</b><br><b>Premio de deseño galego</b>               | <b>11.1. Premio galego de deseño:</b> En colaboración coa rede de axentes de deseño en Galicia, lanzar o Premio Galicia de Deseño e Innovación.  |                          |                          | <input type="checkbox"/> |